

### 3. Arquipélago das illas de Sálvora e illotes do seu contorno

O espazo marítimo-terrestre poligonal, configurado polos seguintes vértices:

ARQUIPÉLAGO DE SÁLVORA			
Punto	Denominación	X	Y
1	Illas Sagres (NO) .....	494.676	4.707.294
2	Leste do Seixo de Vionta (E) .....	501.485	4.705.900
3	S Punta de Besugueiros (S) .....	499.430	4.698.782

e que rodea a illa de Sálvora e illotes adxacentes. O dito arquipélago está situado na parte occidental da ría de Arousa, termo municipal de Ribeira, e comprende unha superficie de 2.309 hectáreas marítimas e 248 hectáreas terrestres.

### 4. Illa de Cortegada, Malveiras e outras illas próximas

O espazo marítimo-terrestre configurado pola liña de preamar máxima viva equinoccial entre os puntos 1 e 2, e a poligonal recta entre os restantes vértices:

Vértice	Coordenada X	Coordenada Y
1	518.052	4.719.352
2	517.320	4.718.260
3	517.311	4.717.825
4	517.212	4.717.749
5	516.207	4.717.513
6	516.018	4.718.283
7	517.650	4.719.051

que rodea e inclúe a illa de Cortegada, Malveira Grande, Malveira Chica, Briás e Illote do Con. O dito conxunto está situado na ría de Arousa, no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, e comprende unha superficie terrestre de 43,8 hectáreas.

**12995** LEI 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación. («BOE» 157, do 2-7-2002.)

JUAN CARLOS I  
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1

Desde que en 1967 se aprobou a primeira directiva de carácter ambiental, a protección e conservación do medio foi unha das principais inquietudes da Comunidade Europea, ata tal punto que acabou incorporándose ós tratados como unha verdadeira política comunitaria,

cun principal obxectivo que é o de prevención, de acordo coas previsións dos sucesivos programas comunitarios de acción en materia de ambiente e desenvolvemento sustentable.

Unha das actuacións máis ambiciosas que se puxeron en marcha no seo da Unión Europea para a aplicación do principio de prevención no funcionamento das instalacións industriais máis contaminantes foi a aprobación da Directiva 96/61/CE, do Consello, do 24 de setembro, relativa á prevención e ó control integrado da contaminación, mediante a que se establecen medidas para evitar, ou polo menos reducir, as emisións destas actividades na atmosfera, a auga e o solo, incluídos os residuos para alcanzar un nivel elevado de protección do ambiente considerado no seu conxunto.

Para facer efectiva a prevención e o control integrado da contaminación, a Directiva 96/61/CE supedita a posta en marcha das instalacións incluídas no seu ámbito de aplicación á obtención dun permiso escrito, que deberá concederse de forma coordinada cando no procedemento interveñan varias autoridades competentes. Neste permiso fixaranse as condicións ambientais que se esixirán para a explotación das instalacións e, entre outros aspectos, especificaranse os valores límite de emisión de substancias contaminantes, que se basearán nas mellores técnicas dispoñibles e tomando en consideración as características técnicas da instalación, a súa implantación xeográfica e as condicións locais do medio. Para estes efectos, e para facilita-la aplicación das anteriores medidas, a Directiva establece tamén un sistema de intercambio de información entre a Comisión Europea e os estados membros sobre as principais emisións contaminantes e as fontes responsables destas e sobre as mellores técnicas dispoñibles.

2

A incorporación ó ordenamento interno español da mencionada Directiva 96/61/CE lévase a cabo, con carácter básico, mediante esta lei, que ten, por tanto, unha inequívoca vocación preventiva e de protección do ambiente no seu conxunto, coa finalidade de evitar, ou, polo menos, reducir, a contaminación da atmosfera, a auga e o solo.

Para estes efectos, o control integrado da contaminación descansa fundamentalmente na autorización ambiental integrada, unha nova figura de intervención administrativa que substitúe e aglutina o conxunto disperso de autorizacións de carácter ambiental esixibles ata o momento, co alcance e contido que se determina no título III.

3

No título I establécense as medidas de carácter xeral, como o obxecto ou o ámbito de aplicación da lei, que se estende ás instalacións de titularidade pública ou privada nas que se desenvolve algunha das actividades industriais que se enumeran no anexo 1, por razóns de seguridade xurídica, se ben, de acordo coa Directiva 96/61/CE, as instalacións existentes disporán dun período de adaptación ata o 30 de outubro de 2007.

Non obstante, quedan fóra do ámbito de aplicación da lei as instalacións ou partes das instalacións utilizadas para a investigación, desenvolvemento e experimentación de novos produtos e procesos.

De igual modo, e seguindo a técnica lexislativa habitual das disposicións comunitarias, inclúense no artigo 3 unha serie de definicións de determinados conceptos que posteriormente aparecen ó longo do texto, o que

9

redunda nun maior grao de precisión e de seguridade xurídica á hora da aplicación concreta da norma.

Entre estas medidas de carácter xeral figuran tamén as obrigacións dos titulares das instalacións incluídas no ámbito de aplicación desta lei e os principios informadores do funcionamento das instalacións, que deberán ser tidos en conta polas comunidades autónomas ó outorga-la autorización ambiental integrada.

Por outro lado, considérase imprescindible a cooperación interadministrativa para facer efectiva a esixencia da Directiva 96/61/CE de coordina-los procedementos de concesión deste tipo de permisos cando interveñan varias administracións públicas.

## 4

No título II regúlanse os valores límite de emisión e as mellores técnicas dispoñibles, un dos aspectos esenciais da directiva que se incorpora mediante esta lei.

Neste sentido, e de acordo co esixido na citada directiva, establécese que na autorización ambiental integrada se deberán fixa-los valores límite de emisión das substancias contaminantes, en particular das enumeradas no anexo 3, tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles (pero sen prescribir unha tecnoloxía concreta), as características técnicas da instalación e a súa localización xeográfica.

Igualmente, recóllese expresamente a posibilidade de que na determinación dos valores límite de emisión poidan tamén terse en consideración os plans nacionais de carácter sectorial que se aprobaran para cumprir compromisos internacionais adoptados por España, así como tratados subscritos polo Estado español ou pola Unión Europea, como pode se-lo caso dos que deriven da aplicación da Directiva de teitos nacionais de emisión (coñecida como «Directiva NEC») e da nova Directiva de grandes instalacións de combustión, así como dos compromisos que asuma o Estado español en materia de cambio climático.

Igualmente, e tamén de conformidade coa Directiva 96/61/CE, fáctase para establecer regulamentariamente valores límite de emisión, así como parámetros ou medidas técnicas equivalentes que os substitúan, para determinadas substancias ou para categorías específicas de instalacións, se ben mentres tanto se aplicarán os establecidos na lexislación sectorial actualmente vixente, que se enumera no anexo 2.

Por último, regúlanse neste título os mecanismos de intercambio de información entre o Ministerio de Medio Ambiente e as comunidades autónomas sobre as principais emisións contaminantes e os seus focos e sobre as mellores técnicas dispoñibles, coa finalidade de conseguir unha mellor aplicación desta lei e de elaborar un inventario estatal de emisións que terá que enviarse á Comisión Europea de conformidade co establecido na normativa comunitaria.

## 5

O título III é uno dos piares esenciais sobre os que descansa a estrutura desta lei, na medida en que regula o réxime xurídico da autorización ambiental integrada, a nova figura autonómica de intervención ambiental que se crea para a protección do medio no seu conxunto e que substitúe ás autorizacións ambientais existentes ata o momento, circunstancia que lle atribúe un valor engadido, en beneficio dos particulares, pola súa condición de mecanismo de simplificación administrativa.

Neste sentido, artículase un procedemento administrativo complexo que integra tódalas autorizacións

ambientais existentes relativas a produción e xestión de residuos, incluídas as de incineración, verteduras ás augas continentais e desde terra ó mar, así como outras esixencias de carácter ambiental contidas na lexislación sectorial, incluídas as referidas ós compostos orgánicos volátiles, de acordo coa Directiva 1999/13/CE, do Consello, do 11 de marzo.

Desde o punto de vista estrictamente procedemental, en todos aqueles aspectos non regulados nesta lei, o outorgamento da autorización ambiental integrada axustarase ó establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. De acordo con iso, establécese un procedemento que comprenderá os seguintes trámites: análise previa da documentación presentada e, se é o caso, requirimento ó solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos esixidos segundo o establecido no artigo 12 desta lei; información pública; solicitude de informes e declaración de impacto ambiental, se é o caso; proposta de resolución; audiencia ós interesados; traslado ós órganos competentes para emitir informes vinculantes en trámites anteriores; resolución e, finalmente, notificación e publicidade.

Segundo o anterior esquema procedemental, a solicitude da autorización ambiental integrada preséntase ante o órgano designado pola comunidade autónoma na que se sitúe a instalación, e inclúe un trámite de información pública que, por evidentes razóns de eficacia e simplificación administrativa, será común para tódolos procedementos dos que as actuacións se integran nela, e que se fai extensivo incluso a outros estados membros no caso de actividades con efectos ambientais negativos de alcance transfronteirizo.

O prazo máximo para resolve-las solicitudes destas autorizacións será de dez meses, pasado o cal sen terse notificado resolución expresa se entenderán desestimadas, debido a que no artigo 8 da Directiva 96/61/CE se esixe de forma expresa que este tipo de instalacións contén cun permiso escrito no que se inclúa o condicionado ambiental do seu funcionamento, o que impide a aplicación do silencio positivo. Ademais diso, non debe descoñecerse que a técnica administrativa do silencio e dos actos presuntos non é senón unha ficción xurídica que se establece en favor dos interesados para que, ante a inactividade da Administración, teñan abertas as vías de impugnación que resulten procedentes, pois resulta evidente que as administracións públicas, neste caso as comunidades autónomas, están obrigadas a dicitar resolución expresa para poñer fin ó procedemento, de conformidade co artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En canto á súa duración, as autorizacións ambientais integradas concederanse por un prazo máximo de oito anos e renovaranse por períodos sucesivos, coa previa solicitude do interesado, coa peculiaridade de que, nestes casos, se o órgano competente non contesta á solicitude de renovación da autorización dentro do prazo, esta entenderase estimada por silencio positivo.

Por outro lado, e de acordo coa Directiva 96/61/CE, establécense determinadas obrigacións no caso de que se produzan modificacións na instalación con posterioridade á súa autorización, de tal forma que se tal modificación ten a consideración de substancial non se poderá levar a cabo ata contar cunha nova autorización ambiental integrada, mentres que no resto dos casos abondará cunha comunicación ó órgano autonómico competente.

Non obstante, o elevado nivel de protección do ambiente no seu conxunto que se pretende alcanzar con

esta lei esixe que, ademais, a autorización ambiental integrada poida ser modificada de oficio naqueles supostos en que, mesmo sen modificarse as condicións técnicas da instalación, a contaminación que produza faga conveniente revisa-los valores límite de emisión como consecuencia de cambios nas mellores técnicas dispoñibles ou cando razóns de seguridade fagan necesario empregar outras técnicas. Igualmente, poderá modificarse de oficio a autorización ambiental integrada cando o organismo de bacía correspondente considere que concorren causas para iso, de acordo co establecido na lexislación de augas. En tal caso, e cando se trate de bacías intercomunitarias, o requirimento do organismo de bacía estatal para efectua-la modificación terá carácter vinculante para o órgano autonómico.

Evidentemente, as anteriores causas de modificación da autorización ambiental integrada son independentes da posibilidade de revogación total ou parcial desta trala incoación do correspondente expediente sancionador, e non darán dereito a ningunha indemnización.

## 6

En canto ós efectos da autorización ambiental integrada, está claro que mediante esta unicamente se fixan as condicións esixibles, desde o punto de vista ambiental, para a explotación das instalacións afectadas, polo que se outorga con carácter previo ó doutras autorizacións ou licencias substantivas esixibles, como as reguladas no artigo 4.2 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e a licenza municipal de actividades clasificadas regulada no Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, ou na normativa autonómica que resulte de aplicación, que permanecen vixentes, aínda que tamén se establecen diversos mecanismos de coordinación coa autorización ambiental integrada, atendendo ó esixido na Directiva 96/61/CE, polo feito de que interveñan varias administracións.

Así, é evidente que a gran maioría dos trámites do procedemento da licenza municipal de actividades clasificadas, ou da figura de intervención establecida nesta materia polas comunidades autónomas, encaixan dunha forma case literal no procedemento de outorgamento da autorización ambiental integrada, polo que resulta lóxico integrar todos estes trámites nun só procedemento, sempre que quede garantida a participación local no referente a materias da súa exclusiva competencia e ó pronunciamento final da autoridade municipal sobre a concesión da mencionada licenza, por respecto á garantía constitucional do dereito á autonomía local.

Neste sentido, establécese que tódolos trámites desta licenza municipal, incluído o da presentación da correspondente solicitude e con excepción da resolución final da autoridade municipal, se integran no procedemento de outorgamento da autorización ambiental integrada, o condicionado ambiental da cal será, en todo caso, vinculante para a autoridade municipal en tódolos aspectos ambientais recollidos naquela. Non obstante, garántese a participación municipal nun dobre momento, de tal forma que, por un lado, entre a documentación da solicitude da autorización ambiental integrada figura necesariamente un informe do concello que acredite a compatibilidade do proxecto co planeamento urbanístico, e, por outro, dentro do procedemento inclúese un informe preceptivo do mesmo concello sobre os aspectos da instalación que sexan da súa competencia, tendo en conta, ademais, que, como quedou dito, mantense en todo caso o pronunciamento final da autoridade municipal sobre a propia concesión da licenza.

As anteriores medidas de coordinación da autoridade ambiental integrada coa licenza municipal de actividades clasificadas dítanse, non obstante, sen prexuízo das normas dictadas polas comunidades autónomas nesta materia, que serán aplicables en todo caso.

## 7

Os mecanismos de coordinación da autorización ambiental integrada con outros procedementos de intervención administrativa nos que interveñen distintas autoridades ambientais esténdense, tamén, ós supostos nos que a posta en marcha das instalacións afectadas impliquen a realización de verteduras ás augas continentais de bacías intercomunitarias, nos que a competencia corresponde á Administración xeral do Estado de conformidade co artigo 149.1.22.<sup>a</sup> da Constitución.

Nestes casos, a resolución administrativa na que se plasmaba a autorización de verteduras, que ata o momento viñan outorgando as confederacións hidrográficas, de conformidade co establecido na Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, trasládase á autorización ambiental integrada que outorgan as comunidades autónomas, de acordo con esta lei, pero sen que en ningún momento iso signifique unha mingua das competencias que ten o Estado nesta materia, dado que o organismo de bacía estatal debe emitir un informe sobre a admisibilidade da vertedura ou, se é o caso, sobre as súas características, condicións e medidas correctoras, que terá carácter vinculante para o órgano autonómico competente para outorga-la autorización ambiental integrada.

Por outro lado, a lei recolle mecanismos de colaboración interadministrativa para os casos en que o anterior informe vinculante non sexa emitido dentro do prazo, de tal forma que, por un lado, se lle concede un novo prazo a requirimento urxente do órgano autonómico, e, por outro, se admite que aínda que o mencionado informe sexa emitido fóra de prazo deba ser tido en conta sempre que se reciba antes do outorgamento da autorización ambiental integrada. Evidentemente, se transcorridos tódolos prazos anteriores, o organismo de bacía non emitiu o seu informe, non poden paralizarse as actuacións por unha causa que, en todo caso, non sería imputable ó solicitante, polo que a lei establece que, se así ocorrera, as características da vertedura e as medidas correctoras serían fixadas polo órgano autonómico na autorización ambiental integrada de conformidade coa lexislación sectorial aplicable. Todo iso sen prexuízo de que, neste último caso, o organismo de bacía podería, ademais, insta-la modificación da autorización ambiental integrada conforme o mecanismo previsto no artigo 26.1.d) desta lei.

Como é obvio, as anteriores medidas supoñen unha modificación puntual da Lei de augas, tal como se establece na disposición derradeira segunda, na que se indica expresamente que a autorización de vertedura ás augas continentais de bacías intercomunitarias se substituirá pola emisión do informe preceptivo e vinculante do organismo de bacía estatal regulado nesta lei.

Non obstante, a anterior regulación non afecta o réxime económico-financeiro nin o resto de competencias estatais en materia de protección do dominio público hidráulico, como as relativas á vixilancia e inspección ou ó exercicio da potestade sancionadora, de acordo coa disposición derradeira primeira. Neste sentido, cando as características da vertedura foran fixadas polo órgano autonómico, por non terse emitido o informe vinculante do organismo de bacía, este liquidará o canon de control de verteduras de acordo coas condicións establecidas na autorización ambiental integrada que, para estes efec-

9  
tos, deberá ser posta á disposición daquel polo órgano autonómico competente para outorgala.

## 8

Finalmente, outro mecanismo de integración e simplificación administrativa, seguindo as pautas marcadas na Directiva 96/61/CE, é a posibilidade de que as comunidades autónomas inclúan no procedemento de outorgamento da autorización ambiental integrada as actuacións en materia de avaliación ambiental que resulten da súa competencia e as esixidas pola normativa sobre riscos de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, e aquelas previstas na súa normativa ambiental.

Igualmente, cando lle corresponda á Administración xeral do Estado a competencia para formula-la declaración de impacto ambiental remitírase unha copia desta ó órgano autonómico, que deberá incorporalo seu contido á autorización ambiental integrada. Nestes casos, ademais, recoñécese expresamente a posibilidade de utilizar fórmulas de colaboración coas comunidades autónomas mediante figuras como, entre outras, a encomenda de xestión regulada no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## 9

Ante un procedemento tan complexo para outorga-la autorización ambiental integrada, que coordina e integra diferentes actos administrativos de administracións diversas, foi preciso establecer un réxime singular de impugnación para os supostos nos que se emitiran informes vinculantes.

Desta forma, cando un informe preceptivo e vinculante impidise o outorgamento da autorización, o dito informe poderá ser obxecto de recurso, en vía xudicial ou administrativa, segundo corresponda, independentemente da resolución que poña fin ó procedemento e, por tanto, contra a mesma Administración que o emitira, de conformidade co establecido no artigo 107.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, respecto da impugnación dos actos de trámite que deciden directa ou indirectamente sobre o fondo do asunto nun procedemento.

En cambio, cando o informe vinculante sexa favorable pero suxeite a autorización a condicións coas que non estivera de acordo o solicitante, estas estarán necesariamente incorporadas na resolución que poña fin ó procedemento mediante o outorgamento da autorización ambiental integrada, polo que se o recurso que procedese tivese carácter administrativo se interporá directamente contra a dita resolución do órgano autonómico, que deberá dar traslado do recurso ó órgano que tivera emitido informe, posto que é, en definitiva, o que fixou as condicións coas que non está de acordo o recurrente e, por tanto, quen debe pronunciarse sobre este aspecto do recurso. No caso de que o dito órgano informante emitise alegacións no prazo de quince días, tales alegacións serán vinculantes para o órgano administrativo que debe resolve-lo recurso.

Por último, cando no recurso contencioso-administrativo que se puidese interpoñer contra a resolución do órgano autonómico que puxese fin á vía administrativa se deducisen pretensións que afecten os informes preceptivos e vinculantes, establécese que a Administración que os emitira terá a consideración de codemandada, conforme o artigo 21.1.a) da Lei 29/1998, do 13

de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, co fin de posibilita-la defensa da legalidade dos citados informes pola propia Administración autora deles, así como a súa disposición do obxecto do proceso a través de figuras como a conformidade coa demanda ou a transacción xudicial.

Como se aprecia, o anterior réxime xurídico de impugnación cobra unha especial relevancia cando no funcionamento das instalacións afectadas se producen verteduras ás augas continentais de bacías intercomunitarias, na medida en que permite salvagarda-la competencia estatal nesta materia.

## 10

Polo que respecta ó réxime sancionador, tipifícase un réxime específico de infraccións e sancións, sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial, que seguirá sendo aplicable. Non obstante, naqueles supostos onde duns mesmos feitos e fundamentos xurídicos puidera derivar unha concorrencia entre as sancións previstas nesta lei e as da lexislación sectorial aplicable, imporase a de maior gravidade.

A lei prevé igualmente a obrigaición de reposición da situación alterada ó seu estado anterior, así como o pagamento da correspondente indemnización polos danos e perdas que, se é o caso, se irrogaran, coa determinación expresa de que cando tales danos se causaran ás administracións públicas, a indemnización que corresponda determinarase e recadarase en vía administrativa. Ademais diso, establécese que a resolución que poña fin ó procedemento sancionador poderá determinar tanto a obrigaición de repoñer como a de ter que indemniza-los danos e perdas, e cando non se determinase tal circunstancia poderase levar a cabo mediante un procedemento administrativo complementario.

Así mesmo, recóllese a posibilidade de impoñer multas coercitivas en caso de incumprimento da obrigaición de repoñer-la situación alterada ó seu estado anterior.

## 11

Por outro lado, nesta lei incorpóranse tamén todos aqueles aspectos da Directiva 1999/13/CE, do Consello, do 11 de marzo, relativa ás emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ó uso de disolventes orgánicos en determinadas actividades e instalacións, que están supeditados ó principio de reserva de lei, coa finalidade de que, en vía regulamentaria, se poida facer unha correcta incorporación dos aspectos técnicos da mencionada directiva.

Neste sentido, na disposición derradeira quinta fúndase o Goberno para determinar que determinadas actividades non incluídas nas categorías do anexo 1 poidan quedar sometidas a notificación e rexistro por parte da comunidade autónoma onde se localicen. En tal caso, fixéranse tamén os requisitos ós que deberá axustarse o funcionamento das ditas actividades e se se producen incumprimentos por parte dos titulares aplicarase o réxime sancionador establecido nesta lei, con excepción, como é obvio, dos preceptos relativos á esixencia da autorización ambiental integrada, debido a que estas actividades unicamente estarían sometidas a notificación e rexistro autonómico.

Ademais do anterior, no anexo 2 inclúese a normativa reguladora dos compostos orgánicos volátiles entre a que se tomará como referencia para aplicar niveis límite de emisión mínimos, en ausencia de regulación específica e de acordo co artigo 7.2, xa que tal mención non figuraba no anexo 2 da Directiva 96/61/CE por terse aprobado con anterioridade á mencionada Directiva 1999/13/CE.

Na parte final da lei inclúense, en primeiro termo, dúas disposicións adicionais referidas respectivamente á colaboración coas comunidades autónomas en materia de avaliación de impacto ambiental e ó réxime sancionador relativo ás substancias que esgotan a capa de ozono.

Esta última previsión, recollida na disposición adicional segunda, vén imposta polo Regulamento (CE) 2037/2000, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de xuño, sobre as substancias que esgotan a capa de ozono, o artigo 21 do cal dispón que «os estados membros determinarán as sancións necesarias aplicables ás infraccións do presente regulamento».

As condutas obxecto de sanción a que se refire o citado regulamento encontran cobertura legal nos tipos de infracción establecidos na Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, que no seu artigo 1 define «xéneros prohibidos» como todos aqueles dos que a importación, exportación, circulación, posesión, comercio ou produción estea prohibida expresamente por disposición con rango de lei ou por regulamento da Unión Europea. A tipificación recollida no seu artigo 2 refírese, así mesmo, a quen «realice operacións de importación, exportación, produción, comercio, posesión, circulación ou rehabilitación de xéneros estancados ou prohibidos, sen cumprí-los requisitos establecidos polas leis».

O carácter integrador da nova autorización ambiental que se crea con esta lei fai necesario derroga-las diferentes normas sectoriais nas que se regulan autorizacións ambientais de competencia autonómica, enumeradas na disposición derogatoria, se ben unicamente naqueles aspectos que se regulan nesta lei, incluíndoos na autorización ambiental integrada, isto é, no referente ós procedementos de solicitude, concesión, revisión e cumprimento das respectivas autorizacións, polo que permanecen vixentes os demais preceptos da mencionada lexislación sectorial que regulan o resto de medidas do réxime de intervención ambiental en cada unha das materias.

En concreto, as autorizacións ambientais que resultan derogadas á entrada en vigor desta lei son as de produción e xestión de residuos, incluídas as de incineración, verteduras ás augas continentais de bacías intracomunitarias e verteduras ó dominio público marítimo-terrestre, desde terra ó mar, e contaminación atmosférica. Ademais diso, e por esixencias da Directiva 96/61/CE, derrógase o réxime de excepcións en materia de vertedura de substancias perigosas.

Do mesmo modo, prodúcese unha modificación puntual da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, debido a que esta última exclúe, con carácter básico, as actividades de xestión de residuos urbanos realizadas polos entes locais do réxime de autorización administrativa esixido, con carácter xeral, ás actividades de valorización e eliminación de residuos. Polo contrario, no anexo 1 da Directiva 96/61/CE inclúense tódolos vertedoiros que reciban máis de dez toneladas diarias ou que teñan unha capacidade de máis de vinte e cinco mil toneladas, con exclusión dos vertedoiros de residuos inertes, sen prever ningunha excepción para os vertedoiros de residuos urbanos, polo que debe entenderse que tamén nestes casos será esixible o permiso escrito establecido no artigo 8 da mencionada directiva e, consecuentemente, a autorización ambiental integrada regulada nesta lei.

Igualmente, modifícase a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, para

adecua-lo importe das sancións previstas nesta ás contías establecidas na lexislación ambiental recentemente aprobada.

Por último, esta lei ten a consideración de lexislación básica sobre protección do medio, de conformidade co establecido no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto evitar ou, cando iso non sexa posible, reducir e controla-la contaminación da atmosfera, da auga e do solo, mediante o establecemento dun sistema de prevención e control integrados da contaminación, co fin de alcanzar unha elevada protección do ambiente no seu conxunto.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Sen prexuízo do establecido na disposición derradeira quinta, esta lei será aplicable ás instalacións de titularidade pública ou privada nas que se desenvolve algunha das actividades industriais incluídas nas categorías enumeradas no anexo 1, con excepción das instalacións ou partes destas utilizadas para a investigación, desenvolvemento e experimentación de novos produtos e procesos.

#### Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos do disposto nesta lei, entenderase por:

a) «Autorización ambiental integrada»: é a resolución do órgano competente da comunidade autónoma na que se localice a instalación, pola que se permite, para os únicos efectos da protección do medio e da saúde das persoas, explota-la totalidade ou parte dunha instalación, baixo determinadas condicións destinadas a garantir que esta cumpre o obxecto e as disposicións desta lei. Tal autorización poderá ser válida para unha ou máis instalacións ou partes de instalacións que teñan a mesma localización e sexan explotadas polo mesmo titular.

b) «Autorizacións substantivas»: as autorizacións de industrias ou instalacións industriais que estean legal o regulamentariamente sometidas a autorización administrativa previa, de conformidade co artigo 4 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria. En particular, terán esta consideración as autorizacións establecidas na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico; na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e no capítulo II da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, no referente ás instalacións químicas para a fabricación de explosivos.

c) «Instalación»: calquera unidade técnica fixa onde se desenvolva unha ou máis das actividades industriais enumeradas no anexo 1 desta lei, así como calquera actividade directamente relacionada con aquelas que garden relación de índole técnica coas actividades levadas a cabo no dito lugar e poidan ter repercusións sobre as emisións e a contaminación.

d) «Instalación existente»: calquera instalación en funcionamento e autorizada con anterioridade á data de entrada en vigor da presente lei, ou que solicitara as correspondentes autorizacións esixibles pola normativa aplicable, sempre que se poña en funcionamento como moi tarde doce meses despois da dita data.

e) «Modificación substancial»: calquera modificación realizada nunha instalación que en opinión do órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada e de acordo cos criterios establecidos no artigo 10.2 poida ter repercusións prexudiciais ou importantes na seguridade, a saúde das persoas ou o ambiente.

f) «Modificación non substancial»: calquera modificación das características ou do funcionamento, ou da extensión da instalación, que, sen te-la consideración de substancial, poida ter consecuencias na seguridade, a saúde das persoas ou o ambiente.

g) «Titular»: calquera persoa física ou xurídica que explote ou posúa a instalación.

h) «Órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada»: o órgano designado pola comunidade autónoma na que se localice a instalación obxecto da autorización. Mentres non se produza unha designación específica por parte da comunidade autónoma, entenderase competente o órgano da dita Administración que teña as competencias en materia de ambiente.

i) «Contaminación»: a introducción directa ou indirecta, mediante a actividade humana, de substancias, vibracións, calor ou ruído na atmosfera, a auga ou o solo, que poidan ter efectos prexudiciais para a saúde humana ou a calidade do ambiente, ou que poidan causar danos ós bens materiais ou deteriorar ou prexudicalo desfrute ou outras utilizacións lexítimas do ambiente.

j) «Substancia»: os elementos químicos e os seus compostos coa excepción das substancias radioactivas reguladas na Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, e dos organismos modificados xeneticamente regulados na Lei 15/1994, do 3 de xuño, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente, co fin de previlos riscos para a saúde humana e o ambiente, e nas súas correspondentes normas de desenvolvemento ou normativa que as substitúa.

k) «Emisión»: a expulsión á atmosfera, á auga ou ó solo de substancias, vibracións, calor ou ruído procedentes de forma directa ou indirecta de fontes puntuais ou difusas da instalación.

l) «Valores límite de emisión»: a masa ou a enerxía expresada en relación con determinados parámetros específicos, a concentración ou o nivel dunha emisión, o valor das cales non debe superarse dentro dun ou varios períodos determinados. Os valores límite de emisión das substancias aplicaranse xeralmente no punto en que as emisións saian da instalación e na súa determinación non se terá en conta unha posible dilución. No que se refire ás verteduras indirectas á auga, e sen prexuízo da normativa relativa á contaminación causada por determinadas substancias perigosas vertidas no medio acuático, poderase ter en conta o efecto dunha estación de depuración no momento de determina-los valores límite de emisión da instalación, sempre e cando se alcance un nivel equivalente de protección do ambiente no seu conxunto e iso non conduza a cargas contaminantes máis elevadas no contorno.

m) «Normas de calidade ambiental»: o conxunto de requisitos establecidos pola normativa aplicable que deben cumprirse nun momento dado nun contorno determinado ou nunha parte determinada deste.

n) «Parámetros ou medidas técnicas equivalentes»: parámetros ou medidas de referencia que, con carácter supletorio ou complementario, se considerarán cando as características da instalación non permitan unha determinación adecuada de valores límite de emisión ou cando non exista normativa aplicable.

ñ) «Mellores técnicas dispoñibles»: a fase máis eficaz e avanzada de desenvolvemento das actividades e das súas modalidades de explotación, que demostren

a capacidade práctica de determinadas técnicas para constituír, en principio, a base dos valores límite de emisión destinados a evitar ou, cando iso non sexa posible, reducir en xeral as emisións e o impacto no conxunto do ambiente e da saúde das persoas. Para a súa determinación deberanse tomar en consideración os aspectos que se enumeran no anexo 4 desta lei.

Para estes efectos, entenderase por:

«Técnicas»: a tecnoloxía utilizada, xunto coa forma en que a instalación estea deseñada, construída, mantida, explotada ou paralizada.

«Dispoñibles»: as técnicas desenvolvidas a unha escala que permita a súa aplicación no contexto do correspondente sector industrial, en condicións económicas e tecnicamente viables, tomando en consideración os custos e os beneficios, tanto se as técnicas se utilizan ou producen en España como se non, sempre que o titular poida ter acceso a elas en condicións razoables.

«Mellores»: as técnicas máis eficaces para alcanzar un alto nivel xeral de protección do ambiente no seu conxunto e da saúde das persoas.

#### Artigo 4. *Principios informadores da autorización ambiental integrada.*

1. Ó outorga-la autorización ambiental integrada, o órgano competente deberá ter en conta que no funcionamento das instalacións:

a) Se adopten as medidas adecuadas para previla contaminación, particularmente mediante a aplicación das mellores técnicas dispoñibles.

b) Se evite a produción de residuos ou, se isto non fora posible, se xestionen mediante procedementos de valorización, preferentemente mediante reciclaxe ou reutilización. No suposto de que tampouco fora factible a aplicación dos ditos procedementos, por razóns técnicas ou económicas, os residuos eliminaranse de forma que se evite ou reduza ó máximo a súa repercusión no ambiente, de acordo coa normativa aplicable na materia.

c) Se utilice a enerxía, a auga, as materias primas e outros recursos de maneira eficiente.

d) Se adopten as medidas necesarias para previlos accidentes graves e limita-las súas consecuencias sobre a saúde das persoas e o ambiente, de acordo coa normativa aplicable.

e) Se establezan as medidas necesarias para evitar calquera risco de contaminación cando cese a explotación da instalación e para que o lugar onde se localice quede nun estado satisfactorio de acordo coa normativa aplicable.

2. Os órganos competentes deberán ter en conta os principios anteriores ó establece-las condicións da autorización ambiental integrada regulada no título III desta lei.

#### Artigo 5. *Obrigacións dos titulares das instalacións.*

Os titulares das instalacións onde se desenvolve algunha das actividades industriais incluídas no ámbito de aplicación desta lei deberán:

a) Dispoñer da autorización ambiental integrada e cumprilas condicións establecidas nesta.

b) Cumprilas obrigacións de control e subministración de información previstas pola lexislación sectorial aplicable e pola propia autorización ambiental integrada.

c) Comunicarlle ó órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada calquera modificación, substancial ou non, que se propoña realizar na instalación.

d) Comunicarlle ó órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada a transmisión da súa titularidade.

e) Informar inmediatamente ó órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada de calquera incidente ou accidente que poida afecta-lo ambiente.

f) Presta-la asistencia e colaboración necesarias a quen realice as actuacións de vixilancia, inspección e control.

g) Cumprir calquera obrigação establecida nesta lei e demais disposicións que sexan de aplicación.

#### Artigo 6. *Cooperación interadministrativa.*

Para a aplicación desta lei, as administracións públicas axustarán as súas actuacións ós principios de información mutua, cooperación e colaboración. En particular, deberán prestarse a debida asistencia para asegura-la eficacia e coherencia das súas actuacións, especialmente na tramitación da autorización ambiental integrada.

## TÍTULO II

### Valores límite de emisión e mellores técnicas dispoñibles

#### Artigo 7. *Valores límite de emisión e medidas técnicas equivalentes.*

1. Para a determinación na autorización ambiental integrada dos valores límite de emisión, deberase ter en conta:

a) A información subministrada, de acordo co establecido no artigo 8.1, pola Administración xeral do Estado sobre as mellores técnicas dispoñibles, sen describi-la utilización dunha técnica ou tecnoloxía específica.

b) As características técnicas das instalacións onde se desenvolva algunha das actividades industriais enumeradas no anexo 1, a súa implantación xeográfica e as condicións locais do medio.

c) A natureza das emisións e o seu potencial traslado dun medio a outro.

d) Os plans nacionais aprobados, se é o caso, para dar cumprimento a compromisos establecidos na normativa comunitaria ou en tratados internacionais subscritos polo Estado español ou pola Unión Europea.

e) A incidencia das emisións na saúde humana potencialmente afectada e nas condicións xerais da sanidade animal.

f) Os valores límite de emisión fixados, se é o caso, pola normativa en vigor na data da autorización.

2. O Goberno, sen prexuízo das normas adicionais de protección que dicten as comunidades autónomas, poderá establecer valores límite de emisión para as substancias contaminantes, en particular para as enumeradas no anexo 3, e para as actividades industriais incluídas no ámbito de aplicación desta lei. Mentres non se fixen tales valores deberán cumprirse, como mínimo, os establecidos nas normas enumeradas no anexo 2 e, se é o caso, nas normas adicionais de protección dictadas polas comunidades autónomas.

3. O Goberno, no exercicio da súa potestade regulamentaria, e sen prexuízo das normas adicionais de protección que dicten as comunidades autónomas, poderá establecer, de maneira motivada, obrigações particulares para determinadas actividades enumeradas no anexo 1, que substituirán as condicións específicas da autorización ambiental integrada, sempre que se garanta un nivel equivalente de protección do medio no seu

conxunto. En todo caso, o establecemento das ditas obrigações non eximirá de obte-la autorización ambiental integrada.

4. Nos supostos que regulamentariamente se determinen, poderanse establecer parámetros ou medidas técnicas de carácter equivalente que complementen ou substitúan os valores límite de emisión regulados neste artigo.

#### Artigo 8. *Información, comunicación e acceso á información.*

1. A Administración xeral do Estado subministrara-lles ás comunidades autónomas a información que conste no seu poder sobre as mellores técnicas dispoñibles, as súas prescricións de control e a súa evolución e, se é o caso, elaborará guías sectoriais sobre estas e a súa aplicación para a determinación dos valores límite de emisión.

2. Cada comunidade autónoma deberá dispoñer de información sistematizada sobre:

a) As principais emisións e os focos destas.

b) Os valores límite de emisión autorizados, así como as mellores técnicas dispoñibles, as características técnicas da instalación e as condicións locais do ambiente en que se basearan os ditos valores e demais medidas que, se é o caso, se estableceran nas autorizacións ambientais integradas concedidas.

3. Os titulares das instalacións notificaranlles, polo menos unha vez ó ano, ás comunidades autónomas nas que estean localizadas, os datos sobre as emisións correspondentes á instalación.

4. As comunidades autónomas remitiranlle a anterior información ó Ministerio de Medio Ambiente no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, e posteriormente cunha periodicidade mínima anual, para efectos da elaboración do Inventario Estatal de Emisións e a súa comunicación á Comisión Europea, de conformidade co artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

5. A información regulada neste artigo será pública de acordo co previsto na Lei 38/1995, do 12 de decembro, sobre o dereito de acceso á información en materia de ambiente.

## TÍTULO III

### Réxime xurídico da autorización ambiental integrada

#### CAPÍTULO I

#### Finalidade e aplicación

#### Artigo 9. *Instalacións sometidas á autorización ambiental integrada.*

Sométese a autorización ambiental integrada a construción, montaxe, explotación ou traslado, así como a modificación substancial, das instalacións nas que se desenvolvan algunha das actividades incluídas no anexo 1.

#### Artigo 10. *Modificación da instalación.*

1. A modificación dunha instalación sometida a autorización ambiental integrada poderá ser substancial ou non substancial.

2. Co fin de cualifica-la modificación dunha instalación como substancial terase en conta a maior incidencia da modificación proxectada sobre a seguridade, a saúde das persoas e o ambiente, nos seguintes aspectos:

- a) O tamaño e produción da instalación.
- b) Os recursos naturais utilizados por ela.
- c) O seu consumo de auga e enerxía.
- d) O volume, peso e tipoloxía dos residuos xerados.
- e) A calidade e capacidade rexenerativa dos recursos naturais das áreas xeográficas que poidan verse afectadas.
- f) O grao de contaminación producido.
- g) O risco de accidente.
- h) A incorporación ou aumento no uso de substancias perigosas.

3. O titular dunha instalación que pretenda levar a cabo unha modificación desta deberá comunicalo ó órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada, indicando razoadamente, en atención ós criterios sinalados no punto anterior, se considera que se trata dunha modificación substancial ou non substancial. A esta comunicación xuntaranse os documentos xustificativos das razóns expostas.

4. Cando o titular da instalación considere que a modificación proxectada non é substancial poderá levala a cabo, sempre que o órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada non manifeste o contrario no prazo dun mes.

5. Cando a modificación proxectada sexa considerada polo propio titular ou polo órgano competente da comunidade autónoma como substancial, esta non poderá levarse a cabo, en tanto non sexa outorgada unha nova autorización ambiental integrada.

#### Artigo 11. *Finalidade da autorización ambiental integrada.*

1. A finalidade da autorización ambiental integrada é:

a) Establecer todas aquelas condicións que garantan o cumprimento do obxecto desta lei por parte das instalacións sometidas a ela, a través dun procedemento que asegure a coordinación das distintas administracións públicas que deben intervir na concesión da dita autorización para axilizar trámites e reducir as cargas administrativas dos particulares.

b) Dispoñer dun sistema de prevención e control da contaminación, que integre nun só acto de intervención administrativa tódalas autorizacións ambientais existentes en materia de produción e xestión de residuos, incluídas as de incineración de residuos municipais e perigosos e, se é o caso, as de vertedura de residuos; de verteduras ás augas continentais, incluídas as verteduras ó sistema integral de saneamento, e de verteduras desde terra ó mar, así como as determinacións de carácter ambiental en materia de contaminación atmosférica, incluídas as referentes ós compostos orgánicos volátiles.

2. O outorgamento da autorización ambiental integrada, así como a modificación a que se refire o artigo 26 precederá, se é o caso, ás demais autorizacións substanciais ou licencias que sexan obrigatorias, entre outras:

a) Autorizacións substantivas das industrias sinaladas no parágrafo b) do artigo 3.

b) Licencia municipal de actividades clasificadas regulada no Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, ou na normativa autonómica que resulte de aplicación, sen prexuízo dos mecanismos de coordinación establecidos no capítulo III.

3. A autorización ambiental integrada outorgarase sen prexuízo das autorizacións ou concesións que deban esixirse para a ocupación ou utilización do dominio público, de conformidade co establecido na Lei de augas, texto refundido aprobado mediante Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e demais normativa que resulte de aplicación.

Exceptúanse do establecido neste punto as autorizacións de verteduras ás augas continentais e ó dominio público marítimo terrestre, desde terra ó mar, que se inclúen na autorización ambiental integrada, de acordo con esta lei.

4. As comunidades autónomas disporán o necesario para posibilita-la inclusión no procedemento de outorgamento da autorización ambiental integrada, das seguintes actuacións:

a) As actuacións en materia de avaliación de impacto ambiental, ou outras figuras de avaliación ambiental previstas na normativa autonómica, cando así sexa esixible e a competencia para iso sexa da comunidade autónoma.

b) As actuacións dos órganos que, se é o caso, deban intervir en virtude do establecido no Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, sobre medidas de control dos riscos inherentes ós accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

c) Aqueloutras actuacións que estean previstas na súa normativa autonómica ambiental.

## CAPÍTULO II

### Solicitud e concesión da autorización ambiental integrada

#### Artigo 12. *Contido da solicitude.*

1. A solicitude da autorización ambiental integrada conterá, polo menos, a seguinte documentación, sen prexuízo do que para estes efectos determinen as comunidades autónomas:

a) Proxecto básico que inclúa, polo menos, os seguintes aspectos:

Descrición detallada e alcance da actividade e das instalacións, os procesos productivos e o tipo de produto.

Documentación requirida para a obtención da correspondente licenza municipal de actividades clasificadas regulada no Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, ou nas disposicións autonómicas que resulten de aplicación, sen prexuízo do establecido no punto 2 do artigo 29.

En caso de modificación substancial dunha instalación xa autorizada, a parte ou partes desta afectadas pola referida modificación.

Estado ambiental do lugar no que se localizará a instalación e os posibles impactos que se prevexan, incluídos aqueles que poidan orixinarse ó cesa-la súa explotación.

Recursos naturais, materias primas e auxiliares, substancias, auga e enerxía empregadas ou xeradas na instalación.

Fontes xeradoras das emisións da instalación.

Tipo e cantidade das emisións previsibles da instalación ó aire, ás augas e ó solo, así como, se é o caso, tipo e cantidade dos residuos que se vaian xerar, e a determinación dos seus efectos significativos sobre o ambiente.



Tecnoloxía prevista e outras técnicas utilizadas para previr e evita-las emisións procedentes da instalación ou, e se iso non fora posible, para reducilas.

Medidas relativas á prevención, redución e xestión dos residuos xerados.

Sistemas e medidas previstos para reducir e controla-las emisións e as verteduras.

As demais medidas propostas para cumprir os principios ós que se refire o artigo 4 da lei.

Un breve resumo das principais alternativas estudadas polo solicitante, se as houbera.

b) Informe do concello no territorio do cal se localice a instalación, acreditativo da compatibilidade do proxecto co planeamento urbanístico, de acordo co establecido no artigo 15.

c) Se é o caso, a documentación esixida pola lexislación de augas para a autorización de verteduras ás augas continentais e pola lexislación de costas para a autorización de verteduras desde terra ó mar.

Cando se trate de verteduras ás augas continentais de bacías intercomunitarias, esta documentación será inmediatamente remitida ó organismo de bacía polo órgano da comunidade autónoma ante o que se presentara a solicitude, co fin de que manifeste se é preciso requirirlle ó solicitante que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos.

d) A determinación dos datos que, a xuízo do solicitante, gocen de confidencialidade de acordo coas disposicións vixentes.

e) Calquera outra documentación acreditativa do cumprimento de requisitos establecidos na lexislación sectorial aplicable incluída, se é o caso, a referida a fianzas ou seguros obrigatorios que sexan esixibles de conformidade coa referida lexislación sectorial.

f) Calquera outra documentación e información que se determine na normativa aplicable.

2. Á solicitude da autorización ambiental integrada xuntaráselle un resumo non técnico de tódalas indicacións especificadas nos parágrafos anteriores, para facilita-la súa comprensión para efectos do trámite de información pública.

3. Nos supostos previstos no punto 4 do artigo anterior, a solicitude da autorización ambiental integrada incluirá, ademais, o estudo de impacto ambiental e demais documentación esixida pola lexislación que resulte de aplicación.

#### Artigo 13. *Presentación da solicitude.*

A solicitude de autorización ambiental integrada presentárase ante o órgano designado pola comunidade autónoma no ámbito territorial da cal se sitúa a instalación, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Mentres non se produza unha designación específica por parte da comunidade autónoma, a solicitude presentárase no órgano da dita Administración que teña as competencias en materia de ambiente.

#### Artigo 14. *Tramitación.*

En todos aqueles aspectos non regulados nesta lei, o procedemento para outorga-la autorización ambiental integrada axustárase ó establecido na Lei 30/1992,

do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 15. *Informe urbanístico.*

Logo da solicitude do interesado, o concello no territorio do cal se localice a instalación deberá emitilo informe ó que se refire o artigo 12.1.b) desta lei no prazo máximo de trinta días. En caso de non facelo, o dito informe suplirase cunha copia da solicitude deste.

En todo caso, se o informe urbanístico regulado neste artigo fose negativo, con independencia do momento en que se emitira, pero sempre que se recibira na Comunidade Autónoma con anterioridade ó outorgamento da autorización ambiental integrada, o órgano competente para outorga-la dita autorización dictará resolución motivada poñendo fin ó procedemento e arquivará as actuacións.

#### Artigo 16. *Información pública.*

1. Unha vez completada a documentación, de acordo co establecido nos artigos anteriores, abrírase un período de información pública que non será inferior a trinta días.

2. O período de información pública será común para aqueles procedementos cunhas actuacións que se integran no da autorización ambiental integrada así como, se é o caso, para os procedementos de autorizacións substantivas das industrias sinaladas no parágrafo b) do artigo 3.

3. Exceptuaranse do trámite de información pública aqueles datos da solicitude que, de acordo coas disposicións vixentes, gocen de confidencialidade.

#### Artigo 17. *Informes.*

Unha vez concluído o período de información pública, o órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada remitiralles copia do expediente, xunto coas alegacións e observacións recibidas, ós órganos que deban pronunciarse sobre as diferentes materias da súa competencia.

#### Artigo 18. *Informe do concello.*

O concello no territorio do cal se sitúa a instalación, unha vez recibida a documentación á que se refire o artigo anterior emitirá, no prazo de trinta días desde a recepción do expediente, un informe sobre a adecuación da instalación analizada a todos aqueles aspectos que sexan da súa competencia. De non emitirse o informe no prazo sinalado proseguirán as actuacións. Non obstante, o informe emitido fóra de prazo pero recibido antes de dictar resolución deberá ser valorado polo órgano competente da comunidade autónoma.

#### Artigo 19. *Informe do organismo de bacía.*

1. Nos supostos nos que a actividade sometida a autorización ambiental integrada precise, de acordo coa lexislación de augas, autorización de vertedura ó dominio público hidráulico de bacías intercomunitarias, o organismo de bacía competente deberá emitir un informe sobre a admisibilidade da vertedura e, se é o caso, determina-las características desta e as medidas correctoras que se van adoptar co fin de preserva-lo bo estado ecolóxico das augas.

2. O informe regulado no punto anterior terá carácter preceptivo e vinculante e deberá emitirse no prazo máximo de seis meses desde a recepción do expediente.

En caso de non emitirse o informe no prazo sinalado no parágrafo anterior, o órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada requirirá ó organismo de bacía para que emita con carácter urgente o citado informe no prazo máximo dun mes.

Transcorrido o prazo previsto desde o requirimento ó organismo de bacía sen que este emitise o informe, poderanse proseguir as actuacións. Non obstante, o informe recibido fóra do prazo sinalado e antes do outorgamento da autorización ambiental integrada, deberá ser tido en consideración polo órgano competente da comunidade autónoma.

3. Transcorridos os prazos previstos no punto anterior sen que o organismo de bacía emitise o informe requirido, poderase outorga-la autorización ambiental integrada, recollendo nesta as características da vertedura e as medidas correctoras requiridas, que se establecerán de conformidade coa lexislación sectorial aplicable.

4. Se o informe vinculante regulado neste artigo considerase que é inadmisíbel a vertedura e, consecuentemente, impedise o outorgamento da autorización ambiental integrada, o órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada dictará resolución motivada denegando a autorización.

#### Artigo 20. *Proposta de resolución e trámite de audiencia.*

1. O órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada, tras realizar unha avaliación ambiental do proxecto no seu conxunto, elaborará unha proposta de resolución que, axustada ó contido establecido no artigo 22 desta lei, incorporará as condicións que resulten dos informes vinculantes emitidos, tras un trámite de audiencia ós interesados.

2. Cando no trámite de audiencia ó que se refire o punto anterior se realizasen alegacións, darase traslado destas, xunto coa proposta de resolución, ós órganos competentes para emitir informes vinculantes en trámites anteriores para que, no prazo máximo de quince días, manifesten o que consideren conveniente, que igualmente terá carácter vinculante nos aspectos referidos a materias da súa competencia.

#### Artigo 21. *Resolución.*

1. O órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada dictará a resolución que poña fin ó procedemento no prazo máximo de dez meses.

2. Transcorrido o prazo máximo de dez meses sen terse notificado resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude presentada.

#### Artigo 22. *Contido da autorización ambiental integrada.*

1. A autorización ambiental integrada terá o contido mínimo seguinte:

a) Os valores límite de emisión baseados nas mellores técnicas dispoñibles, de acordo co artigo 7, para as substancias contaminantes, en particular para as enumeradas no anexo 3, que poidan ser emitidas pola instalación e, se é o caso, os parámetros ou as medidas técnicas equivalentes que os completen ou substitúan.

b) As prescricións que garantan, se é o caso, a protección do solo e das augas subterráneas.

c) Os procedementos e métodos que se vaian empregar para a xestión dos residuos xerados pola instalación.

d) As prescricións que garantan, se é o caso, a minimización da contaminación a longa distancia ou transfronteiriza.

e) Os sistemas e procedementos para o tratamento e control de todo tipo de emisións e residuos, con especificación da metodoloxía de medición, a súa frecuencia e os procedementos para avalialas medicións.

f) As medidas relativas ás condicións de explotación en situacións distintas das normais que poidan afectar o medio, como os casos de posta en marcha, fugas, fallos de funcionamento, paradas temporais ou o peche definitivo.

g) Calquera medida ou condición establecida pola lexislación sectorial aplicable.

2. A autorización ambiental integrada poderá incluír excepcións temporais dos valores límite de emisión aplicables cando o titular da instalación presente algunha das seguintes medidas, que deberán ser aprobadas pola Administración competente e incluírse na autorización ambiental integrada, formando parte do seu contido:

a) Un plan de rehabilitación que garanta o cumprimento dos valores límite de emisión no prazo máximo de seis meses.

b) Un proxecto que implique unha redución da contaminación.

3. Cando para o cumprimento dos requisitos de calidade ambiental, esixibles de acordo coa lexislación aplicable, sexa necesaria a aplicación de condicións máis rigorosas que as que se poidan alcanzar mediante o emprego das mellores técnicas dispoñibles, a autorización ambiental integrada esixirá a aplicación de condicións complementarias, sen prexuízo doutras medidas que poidan adoptarse para respecta-las normas de calidade ambiental.

4. Para as instalacións nas que se desenvolvan algunhas das categorías de actividades incluídas no epígrafe 9.3 do anexo 1 desta lei, os órganos competentes deberán ter en conta, á hora de fixa-las prescricións sobre xestión e control dos residuos na autorización ambiental integrada, as consideracións prácticas específicas das ditas actividades, tendo en conta os custos e as vantaxes das medidas que se vaian adoptar.

5. No suposto previsto no artigo 11.4, a autorización ambiental integrada conterá, ademais, cando así sexa esixible:

a) A declaración de impacto ambiental ou outras figuras de avaliación ambiental establecidas na normativa que resulte de aplicación.

b) As condicións preventivas e de control necesarias en materia de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas de acordo co Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, e demais normativa que resulte de aplicación.

#### Artigo 23. *Notificación e publicidade.*

1. O órgano competente para outorga-la autorización ambiental integrada notificáralle-la resolución ós interesados, ó concello onde se sitúa a instalación, ós distintos órganos que emitisen informes vinculantes e, se é o caso, ó órgano estatal competente para outorga-las autorizacións substantivas sinaladas no artigo 11.2.a) desta lei.

2. As persoas físicas ou xurídicas teñen dereito a acceder ás resolucións das autorizacións ambientais integradas, así como ás súas actualizacións posteriores, de conformidade coa lexislación sobre acceso á información en materia de ambiente.

3. As comunidades autónomas daranlles publicidade nos seus respectivos boletíns oficiais ás resolucións administrativas mediante as que se outorgaran ou modificaran as autorizacións ambientais integradas.

#### Artigo 24. *Impugnación.*

1. Os interesados poderán opoñerse ós informes vinculantes emitidos no procedemento regulado nesta lei mediante a impugnación da resolución administrativa que poña fin ó procedemento de outorgamento da autorización ambiental integrada, sen prexuízo do establecido no artigo 107.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para os casos en que os citados informes vinculantes impedisen o outorgamento da dita autorización.

2. Cando a impugnación, en vía administrativa, da resolución que poña fin ó procedemento de outorgamento da autorización ambiental integrada afecte as condicións establecidas nos informes vinculantes, o órgano da comunidade autónoma competente para resolverlo recurso dará traslado deste ós órganos que os emitisen, co fin de que estes, se o consideran oportuno, presenten alegacións no prazo de quince días. De emitirse en prazo, as citadas alegacións serán vinculantes para a resolución do recurso.

3. Se no recurso contencioso-administrativo que se puidese interpoñer contra a resolución que poña fin á vía administrativa se deducisen pretensións relativas ós informes preceptivos e vinculantes, a Administración que os emitira terá a consideración de codemandada, conforme o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

#### Artigo 25. *Renovación da autorización ambiental integrada.*

1. A autorización ambiental integrada, con tódalas súas condicións, incluídas as relativas a verteduras ó dominio público hidráulico e marítimo terrestre, desde terra ó mar, outorgarase por un prazo máximo de oito anos, transcorrido o cal deberá ser renovada e, se é o caso, actualizada por períodos sucesivos.

2. Cunha antelación mínima de dez meses antes do vencemento do prazo de vixencia da autorización ambiental integrada, o seu titular solicitará a súa renovación, que se tramitará por un procedemento simplificado que se establecerá regulamentariamente.

3. Se, vencido o prazo de vixencia da autorización ambiental integrada, o órgano competente para outorgala non dictara resolución expresa sobre a solicitude de renovación a que se refire o punto anterior, esta entenderase estimada e, consecuentemente, renovada a autorización ambiental integrada nas mesmas condicións.

#### Artigo 26. *Modificación da autorización ambiental integrada.*

1. En calquera caso, a autorización ambiental integrada poderá ser modificada de oficio cando:

a) A contaminación producida pola instalación faga conveniente a revisión dos valores límite de emisión impostos ou a adopción doutros novos.

b) Resulte posible reducir significativamente as emisións sen impoñer custos excesivos como consecuencia de importantes cambios nas mellores técnicas dispoñibles.

c) A seguridade de funcionamento do proceso ou actividade faga necesario empregar outras técnicas.

d) O organismo de bacía, conforme o establecido na lexislación de augas, considere que existen circuns-

tancias que xustifiquen a revisión ou modificación da autorización ambiental integrada no relativo a verteduras ó dominio público hidráulico de bacías intercomunitarias. Neste suposto, o organismo de bacía requirirá, mediante informe vinculante, ó órgano competente para outorgala autorización ambiental integrada, co fin de que inicie o procedemento de modificación nun prazo máximo de vinte días.

e) Así o esixa a lexislación sectorial que resulte de aplicación á instalación.

2. A modificación a que se refire o punto anterior non dará dereito a indemnización e tramitarase por un procedemento simplificado que se establecerá regulamentariamente.

#### Artigo 27. *Actividades con efectos transfronteirizos.*

1. No suposto de que o órgano competente da comunidade autónoma considere que o funcionamento da instalación para a que se solicita a autorización ambiental integrada puidese ter efectos ambientais negativos e significativos noutro Estado membro da Unión Europea, ou cando así o considere outro Estado membro, remitiráselle unha copia da solicitude ó dito Estado, para que se poidan formula-las alegacións que se consideren oportunas, antes de que recaia resolución definitiva. Iguualmente, remitiráselle ó Estado membro afectado a resolución que finalmente se adopte, en relación coa solicitude de autorización ambiental integrada.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, o órgano competente da comunidade autónoma relacionarase co Estado membro potencialmente afectado a través do Ministerio de Asuntos Exteriores.

### CAPÍTULO III

#### Coordinación con outros mecanismos de intervención ambiental

#### Artigo 28. *Coordinación co procedemento de avaliación de impacto ambiental.*

Cando lle corresponda ó órgano ambiental da Administración xeral do Estado a formulación da declaración de impacto ambiental, de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, e a súa normativa de desenvolvemento, non poderá outorgarse a autorización ambiental integrada nin, se é o caso, as autorizacións substantivas das industrias sinaladas no artigo 3.b), sen que previamente se dictase a dita declaración.

Para estes efectos, o órgano ambiental estatal, tan axiña como formulara a declaración de impacto ambiental ou trala resolución polo Consello de Ministros de discrepancias co órgano competente para concedela autorización substantiva, remitiralle unha copia daquela ó órgano competente da comunidade autónoma e, se é o caso, ó órgano estatal para outorga-las autorizacións substantivas sinaladas no artigo 3.b), que deberán incorporalo seu condicionado ó contido da autorización ambiental integrada, así como ó das autorizacións substantivas que sexan esixibles.

#### Artigo 29. *Coordinación co réxime aplicable en materia de actividades clasificadas.*

1. O procedemento para o outorgamento da autorización ambiental integrada substituirá ó procedemento para o outorgamento da licenza municipal de actividades clasificadas regulado polo Decreto 2414/1961, do 30 de

9  
novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, salvo no referente á resolución definitiva da autoridade municipal. Para estes efectos, a autorización ambiental integrada será, se é o caso, vinculante para a autoridade municipal cando implique a denegación de licencias ou a imposición de medidas correctoras, así como no referente a tódolos aspectos ambientais recollidos no artigo 22.

2. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo das normas autonómicas sobre actividades clasificadas que, se é o caso, sexan aplicables.

## TÍTULO IV

### Disciplina ambiental

#### Artigo 30. *Control e inspección.*

1. As comunidades autónomas serán as competentes para adoptar as medidas de control e inspección necesarias para garanti-lo o cumprimento desta lei, sen prexuízo da competencia estatal nesta materia respecto das verteduras a bacías intercomunitarias.

2. Os resultados das actuacións de control e inspección deberán poñerse á disposición do público, sen máis limitacións que as establecidas na lexislación sobre o dereito de acceso á información en materia de ambiente.

#### Artigo 31. *Infraccións.*

1. Sen prexuízo das infraccións que, se é o caso, estableza a lexislación sectorial e das que poidan establecer as comunidades autónomas, as infraccións en materia de prevención e control integrados da contaminación clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. Son infraccións moi graves:

a) Exerce-la actividade ou levar a cabo unha modificación substancial desta sen a preceptiva autorización ambiental integrada, sempre que se producise un dano ou deterioración grave para o medio ou se puxese en perigo grave a seguridade ou saúde das persoas.

b) Incumpri-las condicións establecidas na autorización ambiental integrada, sempre que se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente ou se puxese en perigo grave a seguridade ou saúde das persoas.

c) Incumpri-las obrigacións derivadas das medidas provisionais previstas no artigo 35 desta lei.

d) Exerce-la actividade incumprindo as obrigacións fixadas nas disposicións que estableceran a esixencia de notificación e rexistro por parte das comunidades autónomas, de acordo coa disposición derradeira quinta, sempre que se producira un dano ou deterioración grave para o ambiente ou se puxera en perigo grave a seguridade ou saúde das persoas.

3. Son infraccións graves:

a) Exerce-la actividade ou levar a cabo unha modificación substancial desta sen a preceptiva autorización ambiental integrada, sen que se producira un dano ou deterioración grave para o medio ou sen que se puxera en perigo grave a seguridade ou saúde das persoas.

b) Incumpri-las condicións establecidas na autorización ambiental integrada, sen que se producira un dano ou deterioración grave para o medio ou sen que se puxera en perigo grave a seguridade ou saúde das persoas.

c) Ocultar ou alterar maliciosamente a información esixida nos procedementos regulados nesta lei.

d) Transmitir-la titularidade da autorización ambiental integrada sen comunicalo ó órgano competente para outorgala.

e) Non comunicarlle ó órgano competente da comunidade autónoma as modificacións realizadas na insta-

lación, sempre que non revistan o carácter de substanciais.

f) Non informar inmediatamente o órgano competente da comunidade autónoma de calquera incidente ou accidente que afecte de forma significativa o ambiente.

g) Impedir, atrasar ou obstruí-la actividade de inspección ou control.

h) Exerce-la actividade incumprindo as obrigacións fixadas nas disposicións que estableceran a esixencia de notificación e rexistro por parte das comunidades autónomas, de acordo coa disposición derradeira quinta, sempre que se producira un dano ou deterioración para o medio ou se puxera en perigo a seguridade ou saúde das persoas, que en ningún dos dous casos teña a consideración de grave.

4. Son infraccións leves:

a) Non realiza-las notificacións preceptivas ás administracións públicas, nos supostos regulados na disposición derradeira quinta, sen que se producira ningún tipo de dano ou deterioración para o ambiente nin se puxera en perigo a seguridade ou saúde das persoas.

b) O incumprimento das prescricións establecidas nesta lei ou nas normas aprobadas conforme a ela, cando non estea tipificado como infracción moi grave ou grave.

#### Artigo 32. *Sancións.*

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior poderán dar lugar á imposición de todas ou algunhas das seguintes sancións:

a) No caso de infracción moi grave:

Multa desde 200.001 ata 2.000.000 de euros.

Clausura definitiva, total ou parcial, das instalacións.

Clausura temporal, total ou parcial, das instalacións por un período non inferior a dous anos nin superior a cinco.

Inhabilitación para o exercicio da actividade por un período non inferior a un ano nin superior a dous.

Revogación da autorización ou suspensión desta por un tempo non inferior a un ano nin superior a cinco.

Publicación, a través dos medios que se considere oportunos, das sancións impostas, unha vez que estas adquiriran firmeza en vía administrativa ou, se é o caso, xurisdiccional, así como os nomes, apelidos ou denominación ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables e a índole e natureza das infraccións.

b) No caso de infracción grave:

Multa desde 20.001 ata 200.000 euros.

Clausura temporal, total ou parcial, das instalacións por un período máximo de dous anos.

Inhabilitación para o exercicio da actividade por un período máximo dun ano.

Revogación da autorización ou suspensión desta por un período máximo dun ano.

c) No caso de infracción leve:

Multa de ata 20.000 euros.

2. Cando a contía da multa resulte inferior ó beneficio obtido pola comisión da infracción, a sanción será aumentada, como mínimo, ata o dobre do importe en que se beneficiase o infractor.

#### Artigo 33. *Gradación das sancións.*

Na imposición das sancións deberase garda-la debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, considerándose espe-

cialmente os seguintes criterios para a gradación da sanción:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) Os danos causados ó ambiente ou saúde das persoas ou o perigo creado para a seguridade delas.
- c) A reincidencia por comisión de máis dunha infracción tipificada nesta lei cando así fora declarado por resolución firme.
- d) O beneficio obtido pola comisión da infracción.

#### Artigo 34. *Concurrencia de sanciones.*

Cando por uns mesmos feitos e fundamentos xurídicos, o infractor puidese ser sancionado de acordo con esta lei e a outra ou outras leis que fosen de aplicación, das posibles sancións impoñeráselle a de maior gravidade.

#### Artigo 35. *Medidas de carácter provisional.*

1. Cando se iniciase un procedemento sancionador, o órgano competente para impoñer-la sanción poderá acordar, entre outras, algunha o algunhas das seguintes medidas provisionais:

- a) Medidas de corrección, seguridade ou control que impidan a continuidade na produción do risco ou do dano.
- b) Precintado de aparellos ou equipos.
- c) Clausura temporal, parcial ou total, das instalacións.
- d) Parada das instalacións.
- e) Suspensión temporal da autorización para o exercicio da actividade.

2. As medidas sinaladas no punto anterior poderán ser acordadas antes da iniciación do procedemento administrativo sancionador, nas condicións establecidas no artigo 72.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 36. *Obrigación de repoñer e multas coercitivas.*

1. Sen prexuízo da sanción penal ou administrativa que se impoña, o infractor estará obrigado á reposición ou restauración das cousas ó estado anterior á infracción cometida, así como, se é o caso, a aboala correspondente indemnización polos danos e perdas causados. A indemnización polos danos e perdas causados ás administracións públicas determinarase e recadarase en vía administrativa.

2. Cando o infractor non cumprise a obrigación de reposición ou restauración establecida no punto anterior, o órgano competente poderá acordar-la imposición de multas coercitivas nunha contía que non superará un tercio da multa prevista para o tipo de infracción cometida.

#### Disposición adicional primeira. *Colaboración coas comunidades autónomas.*

Para os efectos do previsto no artigo 28 desta lei, naqueles supostos nos que corresponda emitila declaración de impacto ambiental á Administración xeral do Estado, arbitraranse fórmulas de colaboración coas comunidades autónomas para a coordinación do procedemento de avaliación de impacto ambiental co da autorización ambiental integrada.

#### Disposición adicional segunda. *Réxime sancionador relativo ás substancias que esgotan a capa de ozono.*

O incumprimento do disposto no Regulamento (CE) 2037/2000, do Parlamento Europeo e do Consello,

do 29 de xuño, sobre as substancias que esgotan a capa de ozono, será sancionado de acordo co réxime establecido na Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando.

#### Disposición transitoria primeira. *Réxime aplicable ás instalacións existentes.*

Os titulares das instalacións existentes, definidas no artigo 3.d) desta lei, deberán adaptarse a ela antes do 30 de outubro de 2007, data na que deberán contar coa pertinente autorización ambiental integrada.

Para estes efectos, se a solicitude da autorización ambiental integrada se presentara antes do día 1 de xaneiro de 2007 e o órgano competente para outorgala non dictara resolución expresa sobre ela con anterioridade á data sinalada no parágrafo anterior, as instalacións existentes poderán continuar en funcionamento de forma provisional ata que se dicte a dita resolución, sempre que cumpran tódolos requisitos de carácter ambiental esixidos pola normativa sectorial aplicable.

#### Disposición transitoria segunda. *Procedementos en curso.*

Os procedementos de autorización xa iniciados antes da entrada en vigor desta lei non lles será de aplicación esta, rexéndose pola lexislación aplicable, nos termos establecidos no artigo 3.d).

Nestes casos, e sen prexuízo do réxime previsto nesta lei para as modificacións substanciais, unha vez outorgada as autorizacións serán renovadas nos prazos previstos na lexislación sectorial aplicable e en todo caso, ó cabo de oito anos, cumprindo o establecido nesta lei para as instalacións existentes.

#### Disposición derogatoria única. *Incidencia na lexislación sectorial sobre concesión de determinadas autorizacións ambientais.*

1. Quedan derogadas todas aquelas disposicións que contraveñan ou se opoñan ó establecido nesta lei.

2. En particular, derróganse, respecto das actividades industriais incluídas no ámbito de aplicación desta lei, as prescricións establecidas na lexislación sectorial que se cita a seguir, en relación cos procedementos de solicitude, concesión, revisión e cumprimento das seguintes autorizacións ambientais:

Autorizacións de produción e xestión de residuos reguladas na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

Autorizacións de incineración de residuos municipais reguladas no Real decreto 1088/1992, do 11 de setembro, polo que se establecen novas normas sobre a limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de incineración de residuos municipais.

Autorizacións de incineración de residuos perigosos reguladas no Real decreto 1217/1997, do 18 de xullo, relativo á incineración de residuos perigosos e de modificación do Real decreto 1088/1992.

Autorizacións de verteduras ás augas continentais de bacías intracomunitarias, reguladas no texto refundido da Lei de augas, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Autorizacións de verteduras ó dominio público marítimo-terrestre, desde terra ó mar, reguladas na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

Autorizacións e informes vinculantes en materia de contaminación atmosférica reguladas na Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico e nas súas normas de desenvolvemento.

Exceptúanse da derogación establecida neste punto os preceptos desta lei que regulan a esixencia de requisitos establecidos na lexislación sectorial aplicable, en particular os regulados nos artigos 5.b), 12.1.c), 12.1.e), 19.3, 22.1.g), 26.1.d), 26.1.e) e 31.

3. Igualmente, á entrada en vigor desta lei quedan derogadas as excepcións previstas no artigo 2 da Orde do 12 de novembro de 1987, sobre normas de emisión, obxectivos de calidade e métodos de medición de referencia relativos a determinadas substancias nocivas ou perigosas contidas nas verteduras de augas residuais e no artigo 4 do Real decreto 258/1989, do 10 de marzo, polo que se establece a normativa xeral sobre verteduras de substancias perigosas desde terra ó mar.

4. Queda derogada a Lei 4/1998, do 3 de marzo, pola que se establece o réxime sancionador previsto no Regulamento (CE) 3093/1994, do Consello, do 15 de decembro, relativo ás substancias que esgotan a capa de ozono.

*Disposición derradeira primeira. Adecuación ó réxime establecido no texto refundido da Lei de augas, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

1. O procedemento previsto nesta lei para a autorización das verteduras realizadas polas actividades recollidas no anexo 1 ó dominio público hidráulico de bacías intercomunitarias, non modifica o réxime económico-financeiro previsto pola lexislación de augas nin o resto de competencias que corresponden á Administración xeral do Estado en materia de protección do dominio público hidráulico. En particular, non se alteran as competencias relativas a vixilancia e inspección nin a potestade sancionadora.

2. No suposto previsto no artigo 19.3 desta lei, o organismo de bacía correspondente liquidará o canon de control de verteduras de acordo coas condicións contidas na autorización ambiental integrada que, para estes efectos, deberá ser posta á disposición daquel polo órgano autonómico competente para outorgala.

*Disposición derradeira segunda. Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

1. Engádeselle o seguinte parágrafo ó artigo 105.2.a) do texto refundido da Lei de augas, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo:

«Cando a autorización de vertedura en bacías intercomunitarias se integrase na autorización ambiental integrada, o organismo de bacía comunicará a revogación mediante a emisión dun informe preceptivo e vinculante á comunidade autónoma competente, para efectos do seu cumprimento.»

2. Engádesse unha disposición adicional décima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. *Verteduras ás augas continentais de bacías intercomunitarias.*

A autorización de verteduras ás augas continentais de bacías intercomunitarias das actividades incluídas no anexo 1 da Lei de prevención e control integrados da contaminación incluírase na autorización ambiental integrada regulada na mencionada lei; para estes efectos o pronunciamiento do organismo de bacía sobre o outorgamento da dita autorización será substituído polos informes vinculantes regulados na citada lei e na súa normativa de desenvolvemento.»

*Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.*

Engádesse o seguinte parágrafo no punto 2 do artigo 13 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos:

«Exceptúanse do establecido neste punto as actividades de eliminación, mediante depósito en vertedoiro, de residuos urbanos realizadas polos entes locais e incluídas no ámbito de aplicación da Lei de prevención e control integrados da contaminación, que estarán sometidas á autorización ambiental integrada regulada nela.»

*Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico.*

O primeiro parágrafo da alínea a) do artigo 12.1 da Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, queda redactado como segue:

«Con multa de ata 30.000 euros, no caso de infraccións leves, e con multa de 30.001 a 1.200.000 euros, no caso de infraccións graves.»

*Disposición derradeira quinta. Outras actividades distintas das do anexo 1.*

O Goberno, sen prexuízo das normas adicionais de protección que dicten as comunidades autónomas, poderá establecer que determinadas categorías de actividades distintas das enumeradas no anexo 1 queden sometidas a notificación e rexistro por parte da comunidade autónoma competente. En tal caso, as normas que establezan a anterior esixencia determinarán igualmente os requisitos ós que deberá axustarse o funcionamento das ditas actividades e se se produciran incumprimentos por parte dos titulares aplicarase o réxime sancionador establecido nesta lei, con excepción dos preceptos relativos á esixencia da autorización ambiental integrada.

*Disposición derradeira sexta. Fundamento constitucional.*

Esta lei ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente de acordo co establecido no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución.

*Disposición derradeira sétima. Desenvolvemento regulamentario.*

1. Facúltase o Goberno para o desenvolvemento regulamentario desta lei dentro do ámbito das súas competencias e, en particular, para modificar os seus anexos coa finalidade de adaptalos ás modificacións que, se é o caso, sexan introducidas pola normativa comunitaria.

2. O Goberno, mediante real decreto, poderá actualizar a contía das multas establecidas no artigo 32 desta lei.

*Disposición derradeira oitava. Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

## ANEXO 1

### Categorías de actividades e instalacións recollidas no artigo 2

Nota: os valores limiar mencionados en cada unha das actividades relacionadas na seguinte táboa refírense, con carácter xeral, a capacidades de produción ou a rendementos. Se un mesmo titular realiza varias actividades da mesma categoría na mesma instalación ou no lugar, sumaranse as capacidades das ditas actividades.

#### 1. Instalacións de combustión.

1.1 Instalacións de combustión cunha potencia térmica de combustión superior a 50 MW:

a) Instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime ordinario ou en réxime especial, nas que se produza a combustión de combustibles fósiles, residuos ou biomasa.

b) Instalacións de coxeración, caldeiras, fornos, xeradores de vapor ou calquera outro equipamento ou instalación de combustión existente nunha industria, sexa esta ou non a súa actividade principal.

#### 1.2 Refinerías de petróleo e gas:

a) Instalacións para a refinación de petróleo ou de cru de petróleo.

b) Instalacións para a produción de gas combustible distinto do gas natural e gases licuados do petróleo.

#### 1.3 Coquerías.

1.4 Instalacións de gasificación e licuefacción de carbón.

#### 2. Producción e transformación de metais.

2.1 Instalacións de calcinación ou sinterización de metais metálicos incluído ou mineral sulfurado.

2.2 Instalacións para a produción de fundición ou de aceiros brutos (fusión primaria ou secundaria), incluídas as correspondentes instalacións de fundición continua dunha capacidade de máis de 2,5 toneladas por hora.

2.3 Instalacións para a transformación de metais ferrosos:

a) Laminado en quente cunha capacidade superior a 20 toneladas de aceiro bruto por hora.

b) Forxado con martelos cunha enerxía de impacto que sexa superior a 50 kiloxulios por martelo e cando a potencia térmica utilizada sexa superior a 20 MW.

c) Aplicación de capas de protección de metal fundido cunha capacidade de tratamento de máis de 2 toneladas de aceiro bruto por hora.

2.4 Fundicións de metais ferrosos cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas por día.

#### 2.5 Instalacións:

a) Para a produción de metais en bruto non ferrosos a partir de minerais, de concentrados ou de materias primas secundarias mediante procedementos metalúrxicos, químicos ou electrolíticos.

b) Para a fusión de metais non ferrosos, inclusive a aliaxe, así como os produtos de recuperación (refinación, moldeado en fundición) cunha capacidade de fusión de máis de 4 toneladas para o chumbo e o cadmio ou 20 toneladas para tódolos demais metais, por día.

2.6 Instalacións para o tratamento de superficie de metais e materiais plásticos por procedemento electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas ou das liñas completas destinadas ó tratamento empregadas sexa superior a 30 m<sup>3</sup>.

#### 3. Industrias minerais.

3.1 Instalacións de fabricación de cemento e/ou clínker en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 500 toneladas diarias, ou de cal en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día, ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día.

3.2 Instalacións para a obtención de amianto e para a fabricación de produtos a base de amianto.

3.3 Instalacións para a fabricación de vidro incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.

3.4 Instalacións para a fundición de materiais minerais, incluída a fabricación de fibras minerais cunha capacidade de fundición superior a 20 toneladas por día.

3.5 Instalacións para a fabricación de produtos cerámicos mediante enfornado, en particular tellas, ladrillos, refractarios, azulexos ou produtos cerámicos ornamentais ou de uso doméstico, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día, e/ou unha capacidade de enfornado de máis de 4 m<sup>3</sup> e de máis de 300 kg/m<sup>3</sup> de densidade de carga por forno.

#### 4. Industrias químicas.

A fabricación, para efectos das categorías de actividades desta lei, designa a fabricación a escala industrial, mediante transformación química dos produtos ou grupos de produtos mencionados nos epígrafes 4.1 a 4.6.

4.1 Instalacións químicas para a fabricación de produtos químicos orgánicos de base, en particular:

a) Hidrocarburos simples (lineais ou cíclicos, saturados ou insaturados, alifáticos ou aromáticos).

b) Hidrocarburos oxixenados, tales como alcohois, aldehídos, cetonas, ácidos orgánicos, ésteres, acetatos, éteres, peróxidos, resinas, epóxidos.

c) Hidrocarburos sulfurados.

d) Hidrocarburos nitroxenados, en particular, aminas, amidas, compostos nitrosos, nítricos ou nitratos, nitrilos, cianatos e isocianatos.

e) Hidrocarburos fosforados.

f) Hidrocarburos haloxenados.

g) Compostos orgánicos metálicos.

h) Materias plásticas de base (polímeros, fibras sintéticas, fibras a base de celulosa).

i) Cauchos sintéticos.

j) Colorantes e pigmentos.

k) Tensioactivos e axentes de superficie.

4.2 Instalacións químicas para a fabricación de produtos químicos inorgánicos de base, como:

a) Gases e, en particular, o amoníaco, o cloro ou o cloruro de hidróxeno, o fluor ou fluoruro de hidróxeno, os óxidos de carbono, os compostos de xofre, os óxidos do nitróxeno, o hidróxeno, o dióxido de xofre, o dicloruro de carbonilo.

b) Ácidos e, en particular, o ácido crómico, o ácido fluorhídrico, o ácido fosfórico, o ácido nítrico, o ácido clorhídrico, o ácido sulfúrico, o ácido sulfúrico fumante, os ácidos sulfurados.

c) Bases e, en particular, o hidróxido de amonio, o hidróxido potásico, o hidróxido sódico.

d) Sales como o cloruro de amonio, o clorato potásico, o carbonato potásico (potasa), o carbonato sódico (sosa), os perboratos, o nitrato arxéntico.

e) Non metais, óxidos metálicos ou outros compostos inorgánicos como o carburo de calcio, o silicio, o carburo de silicio.

4.3 Instalacións químicas para a fabricación de fertilizantes a base de fósforo, de nitróxeno ou de potasio (fertilizantes simples ou compostos).

4.4 Instalacións químicas para a fabricación de produtos de base fitofarmacéuticos e de biocidas.

4.5 Instalacións químicas que utilicen un procedemento químico ou biolóxico para a fabricación de medicamentos de base.

4.6 Instalacións químicas para a fabricación de explosivos.

## 5. Xestión de residuos.

Exclúense da seguinte enumeración as actividades e instalacións nas que, se é o caso, resulte de aplicación o establecido no artigo 14 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

5.1 Instalacións para a valorización de residuos perigosos, incluída a xestión de aceites usados, ou para a eliminación dos ditos residuos en lugares distintos dos vertedoiros, dunha capacidade de máis de 10 toneladas por día.

5.2 Instalacións para a incineración dos residuos municipais, dunha capacidade de máis de 3 toneladas por hora.

5.3 Instalacións para a eliminación dos residuos non perigosos, en lugares distintos dos vertedoiros, cunha capacidade de máis de 50 toneladas por día.

5.4 Vertedoiros de todo tipo de residuos que reciban máis de 10 toneladas por día ou que teñan unha capacidade total de máis de 25.000 toneladas con exclusión dos vertedoiros de residuos inertes.

## 6. Industria do papel e cartón.

6.1 Instalacións industriais destinadas á fabricación de:

a) Pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas.

b) Papel e cartón cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas diarias.

6.2 Instalacións de produción e tratamento de celulosa cunha capacidade de produción superior a 20 toneladas diarias.

## 7. Industria téxtil.

7.1 Instalacións para o tratamento previo (operacións de lavado, branqueo, mercerización) ou para a tingidura de fibras ou produtos téxtiles cando a capacidade de tratamento supere as 10 toneladas diarias.

## 8. Industria do coiro.

8.1 Instalacións para o curtido de coiros cando a capacidade de tratamento supere as 12 toneladas de produtos acabados por día.

9. Industrias agroalimentarias e explotacións gandeiras.

### 9.1 Instalacións para:

a) Matadoiros cunha capacidade de produción de canais superior a 50 toneladas/día.

b) Tratamento e transformación destinados á fabricación de produtos alimenticios a partir de:

b.1) Materia prima animal (que non sexa o leite) dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 75 toneladas/día.

b.2) Materia prima vexetal dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 300 toneladas/día (valor medio trimestral).

c) Tratamento e transformación do leite, cunha cantidade de leite recibido superior a 200 toneladas por día (valor medio anual).

9.2 Instalacións para a eliminación ou o aproveitamento de canais ou despoños de animais cunha capacidade de tratamento superior a 10 toneladas/día.

9.3 Instalacións destinadas á cría intensiva de aves de curral ou de porcos que dispoñan de máis de:

a) 40.000 prazas se se trata de galiñas poñedoras ou do número equivalente para outras orientacións productivas de aves.

b) 2.000 prazas para porcos de cría (de máis de 30 kg).

c) 750 prazas para porcas.

## 10. Consumo de disolventes orgánicos.

10.1 Instalacións para o tratamento de superficies de materiais, de obxectos ou produtos con utilización de disolventes orgánicos, en particular para aprestalos, estampalos, revestilos e desengraxalos, impermeabilizalos, pegalos, enlacialos, limpalos ou impregnalos, cunha capacidade de consumo de máis de 150 kg de disolvente por hora ou máis de 200 toneladas/ano.

## 11. Industria do carbono.

11.1 Instalacións para a fabricación de carbono sinterizado ou electrografito por combustión ou grafitación.

## ANEXO 2

### Normas recollidas no punto 2 do artigo 7 da lei

1. Real decreto 108/1991, do 1 de febreiro, sobre a prevención e redución da contaminación do ambiente producida polo amianto.

2. Lei de augas, texto refundido aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

3. Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de dominio público hidráulico.

4. Orde do 12 de novembro de 1987, do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, sobre normas de emisión, obxectivos de calidade e métodos de medición de referencia relativos a determinadas substancias nocivas ou perigosas contidas na vertedura de augas residuais, desenvolvida polas ordes do 13 de marzo de 1989 e do 28 de xuño de 1991, e modificada pola Orde do 25 de maio de 1992.

5. Real decreto 258/1989, do 10 de marzo, polo que se establece a normativa xeral sobre verteduras de substancias perigosas desde terra a mar desenvolvido pola Orde do 31 de outubro de 1989, pola que se establecen normas de emisión, obxectivos de calidade, métodos de medida de referencia e procedementos de control relativos a determinadas substancias perigosas contidas nas verteduras desde terra a mar modificada pola Orde do 9 de maio de 1991 e desenvolvida pola Orde do 28 de outubro de 1992 (do 2 ó 6 e o 12).

6. Real decreto 1088/1992, do 11 de setembro, polo que se establecen novas normas sobre a limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de incineración de residuos municipais.

7. Real decreto 1217/1997, do 18 de xullo, relativo á incineración de residuos perigosos e de modificación do Real decreto 1088/1992.

8. Orde do 18 de abril de 1991, pola que se establecen normas para reducir a contaminación producida polos residuos das industrias do dióxido de titanio.

9. Real decreto 646/1991, do 22 de abril, pola que se establecen novas normas sobre a limitación ás emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, modificado polo Real decreto 1800/1995, do 3 de novembro, e desenvolvido pola Orde do 26 de decembro de 1995.



10. Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.
11. Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, básica de residuos tóxicos e perigosos, modificado polo Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, no non derogado pola Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.
12. Orde do 28 de febreiro de 1989, sobre xestión dos aceites usados, modificada pola Orde do 13 de xuño de 1990.
13. Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do medio atmosférico.
14. Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, que desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do medio atmosférico, modificado parcialmente polo Real decreto 1613/1985, do 1 de agosto, polo que se establecen novas normas de calidade do aire no referente a contaminación por dióxido de xofre e partículas, e o Real decreto 717/1987, do 27 de maio, polo que se establecen novas normas de calidade do aire no referente a contaminación por dióxido de nitróxeno e chumbo.
15. Normativa sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ó uso de disolventes en determinadas actividades e instalacións industriais.
16. Todas aquelas normas aplicables que modifiquen ou desenvolvan a normativa anterior.

### ANEXO 3

#### Lista das principais substancias contaminantes que se tomarán obrigatoriamente en consideración se son pertinentes para fixar valores límite de emisións

##### Atmosfera:

1. Óxido de xofre e outros compostos de xofre.
2. Óxido de nitróxeno e outros compostos de nitróxeno.
3. Monóxido de carbono.
4. Compostos orgánicos volátiles.
5. Metais e os seus compostos.
6. Pos.
7. Amianto (partículas en suspensión, fibras).
8. Cloro e os seus compostos.
9. Fluor e os seus compostos.
10. Arsénico e os seus compostos.
11. Cianuros.
12. Substancias e preparados respecto dos cales se demostrara que posúen propiedades cancerixenas, mutáxenas ou poidan afecta-la reprodución a través do aire.
13. Policlorodibenzodioxina e policlorodibenzofuranos.

##### Auga:

1. Compostos organohaloxenados e substancias que poidan dar orixe a compostos desta clase no medio acuático.
2. Compostos organofosforados.
3. Compostos organoestánnicos.
4. Substancias e preparados dos que as propiedades cancerixenas, mutáxenas ou que poidan afecta-la reprodución no medio acuático ou vía o medio acuático estean demostradas.
5. Hidrocarburos persistentes e substancias orgánicas tóxicas persistentes e bioacumulables.
6. Cianuros.
7. Metais e os seus compostos.
8. Arsénico e os seus compostos.

9. Biocidas e produtos fitosanitarios.
10. Materias en suspensión.
11. Substancias que contribúen á eutrofización (en particular nitratos e fosfatos).
12. Substancias que exercen unha influencia desfavorable sobre o balance de osíxeno (e computables mediante parámetros tales como DBO, DQO).

### ANEXO 4

#### Aspectos que deben terse en conta con carácter xeral ou nun suposto particular cando se determinen as mellores técnicas dispoñibles definidas no artigo 3.º, tendo en conta os custos e vantaxes que poden derivar dunha acción e os principios de precaución e prevención

1. Uso de técnicas que produzan poucos residuos.
2. Uso de substancias menos perigosas.
3. Desenvolvemento das técnicas de recuperación e reciclaxe de substancias xeradas e utilizadas no proceso, e dos residuos cando proceda.
4. Procesos, instalacións ou método de funcionamento comparables que deran probas positivas a escala industrial.
5. Avances técnicos e evolución dos coñecementos científicos.
6. Carácter, efectos e volume das emisións que se trate.
7. Datas de entrada en funcionamento das instalacións novas ou existentes.
8. Prazo que require a instauración dunha mellor técnica dispoñible.
9. Consumo e natureza das materias primas (incluída a auga) utilizada en procedementos de eficacia enerxética.
10. Necesidade de previr ou reducir ó mínimo o impacto global das emisións e dos riscos no ambiente.
11. Necesidade de previr calquera risco de accidente ou de reduci-las súas consecuencias para o ambiente.
12. Información publicada pola Comisión, en virtude do punto 2 do artigo 16 da Directiva 96/61/CE, do Consello, do 24 de setembro, relativa á prevención e ó control integrados da contaminación, ou por organizacións internacionais.

**12996** *LEI 17/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Generalitat de Cataluña e de fixación do alcance e condicións da dita cesión.* («BOE» 157, do 2-7-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española dispón, no seu artigo 156.1, que as comunidades autónomas gozarán de autonomía financeira para o desenvolvemento e a execución das súas competencias, conforme os principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre tódolos españois; é dicir, recoñece a necesidade de que os